

CIRCULAR Nº 15 (2011-2012)

A toda a comunidade educativa:

Como xa sabedes, o CEP IGREXA VALADARES ten creado dende o pasado curso un CLUB DE LECTURA para pais e nais.

Na última reunión do pasado día 7 de febreiro, acordouse darlle a dito Club o nome de **“LE QUE TE LE”**, **“LKTL”** que foi o que máis votos obtivo na páxina web do colexio.

Agora queremos facer un concurso, entre toda a comunidade educativa, para facer un anagrama ou logotipo do Club.

As bases do concurso serán as seguintes:

1.-As persoas interesadas en participar deberán entregar na secretaría do centro, **antes do 10 de maio**, a súa creación, en sobre pechado e asinado conseudónimo.

2.-Dentro dese sobre virá outro, tamén pechado, no que se meterán os datos reais do concursante: nome, apelidos, curso (se é un/unha alumno/a), enderezo e teléfono.

3.-O **anagrama** deberá cumprir as seguintes condicións:

3.1.-Será a cores.

3.2.-Deberá conter o nome completo ou abreviado do CLUB.

3.3.-Pode incluír ou facer referencia tamén ao Nome do Colexio (CEP IGREXA VALADARES)

4.-O/a gañador/a será obsequiado cun premio en libros equivalente a 100 €

5.-O xurado estará composto polos socios do Club. En caso de empate a número de votos, decidirá o voto de calidade da Presidenta do Club

6.-A resolución do concurso farase pública co gallo das **LETRAS GALEGAS 2012**

7.-O xurado poderá declarar o premio deserto se, a seu xuízo, a calidade dos traballos presentados non respondesen as súas pretensións.

9.-A decisión do xurado será inapelable.

Valadares a 9 de febreiro de 2012

O DIRECTOR

Asdo. José Luis Araújo Santalices